

## Textos Guerra de Independencia

### Doc. 1.-Orde do mariscal Murat (2 de maio de 1808):

“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa (...)

Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados coma uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”.

### Doc 2- O Estatuto de Baiona (8 de julio de 1808)

“En nome de Dios Todopoderoso, Don Josef Napoleón, por la gracia de Dios, rey de las Españas y de las, Indias. Habiendo oído a la Junta Nacional congregada en Boyona de orden de nuestro muy caro y muy amado hermano Napoleón, Emperador de los franceses...

Hemos decretado y decretamos la presente Constitución ....

Artículo1. La religión Católica, Apostólica y Romana, len España y en todas las posesiones españolas, será la religión del Rey y de la Nación, y no se permitirá ninguna otra

Artículo 34. Las plazas de senador serán de por vida

Artículo 36. El presidente del Senado ser nombrado por el Rey, y elegido entre los senadores. Sus funciones durarán un año.

Artículo 61.Habrá Cortes Juntas de la Nación, compuestas de 172 miembros divididos en tres Estamentos, a saber: el Estamento del clero, el de la Nobleza. el del pueblo.

Artículo 88. Será libre en dichos reinos y provincias (los reinos y provincias españolas de América y Asia) toda especie. de cultivo o industria.

Artículo 97. El orden judicial será independiente en sus funciones.

Artículo 116. Las Aduanas interiores de partido a partido y de provincia a provincia quedan suprimidas en España e Indias.

Artículo 117. El sistema de contribuciones será igual en todo el reino.

### Doc. 3.-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.

### Doc. 3.-O militar e político liberal Evaristo San Miguel expón neste escrito (1836) os diversos proxectos dos combatentes contra os franceses:

“De todos os xeitos non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferenzas internas e a guerra da independencia unha especie de guerra civil ao mesmo tempo.

Aos nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ao espírito innovador que os ameazaba (...).

Os ilustrados eran un número considerable e non podían ter, no seu pronunciamento contra o emperador, só a mira de volver ao Estado anterior. Non era posible (...) que lles gustase volver ao antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes que afearan as administracións anteriores”.

## Textos sobre as Cortes de Cádiz e Constitución de 1812

### Doc 1. Inicio das sesións das Cortes de Cádiz

“Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan a Nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes Xerais e Extraordinarias, e que reside nelas a soberanía nacional.

As Cortes Xerais e Extraordinarias da Nación española, congregadas na real Illa de León, conformes en todo coa vontade xeral, pronunciada do modo máis enérxico e patente, recoñecen, proclaman e xuran de novo polo seu único e lexítimo rei ao Señor D. Fernando VII de Borbón; e declaran nula e de ningún valor nin efecto a cesión da coroa que se di feita a favor de Napoleón, no só pola violencia que interveu naqueles actos inxustos e ilegais, senón principalmente por fallarlle o consentimento da nación....

Real Illa de León, 24 setembro de 1810.”

### Doc 2- Decreto de abolición dos señoríos. 6 de agosto de 1811

“Desexando as Cortes Xerais e Extraordinarias remover os obstáculos que puideron opoñerse ao bo réxime, aumento da poboación e prosperidade da Monarquía española decretan:

Dende agora quedan incorporados á nación todos os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición que sexan.

Procederase ao nomeamento de todas as Xustizas e demais funcionarios públicos pola mesma orde e segundo se verifica nos pobos de reguengo....

Quedan abolidos os ditados de vasalo e vasalaxe e as prestacións así reais como persoais que deban a súa orixe a título xurisdiccional, a excepción das que procedan de contrato libre en uso do sagrado dereito de propiedade.


Os señoríos territoriais quedan dende agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular se non son de aqueles que pola súa natureza deban incorporarse á nación ou dos que non se cumpriron as condicións cos que se concederon o que resultará dos títulos de adquisición.

Os contratos, pactos, convenios que se fixeron en razón de aproveitamentos, arrendos de terreos, censos e outros desta especie, celebrados entre os denominados señores e vasalos, deberanse considerar dende agora como contratos de particular a particular.

Quedan abolidos os privilexios chamados exclusivos, privativos e prohibitivos que teñan a mesma orixe de señorío, como son os de caza, pesca, fornos, muiños, aproveitamentos de augas, montes e demais, quedando ao libre uso dos pobos, dacordo ao dereito común e ás regras municipais establecidas en cada pobo

En adiante ningún poderará chamarse señor de vasalos, exercer xurisdicción, nomear xuíces, nin usar dos privilexios e dereitos comprendidos neste decreto.”

### Doc 3- Orixe e profesións dos deputados eleixidos nas Cortes de Cádiz



### Doc 4- Constitución de 1812:

“Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios (...).

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais (...).

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais”.

## Textos reinado Fernando VII

### Doc.1.-Decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz (1814):

“As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución (...); e ao que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíase de vontade xeral (...).

Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, a saber, os que sexan depresivos dos dereitos e prerrogativas da miña soberanía (...), senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos”.

### Doc.2.-Manifesto que dirixe á Nación española a Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier, en 1815:

“Españóis: (...). Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros (...), tomamos a terrible, pero indispensable, resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes.

O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dun xeito que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación”.

### Doc.3.-Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820:

“Mentres eu meditaba maduramente coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional e ao estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812, ao propio tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos, e como tenro pai condescendín ao que os meus fillos consideran que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional (...)”.

### Doc.4.-Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, vin decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade”.

## Textos sobre o liberalismo

### Doc 1.- A Constitución de 1837

Siendo la voluntad de la Nación revisar, en uso de su soberanía, la Constitución política promulgada en Cádiz el diez y nueve de marzo de mil ochocientos doce; las Cortes generales congregadas con este fin, decretan y sancionan la siguiente

(...) Art. 2º Todos los españoles pueden imprimir y publicar libremente sus ideas sin previa censura con sujeción a las leyes.

La calificación de los delitos de imprenta corresponde exclusivamente a los jurados (...)

Art. 12. La potestad de hacer las leyes reside en las Cortes con el Rey.

Art. 15. Los Senadores son nombrados por el Rey a propuesta, en lista triple, de los electores que en cada provincia nombran los Diputados a Cortes.

Art. 45. La potestad de hacer ejecutar las leyes reside en el Rey, y su autoridad se extiende a todo cuanto conduce a la conservación del orden público en lo interior, y a la seguridad del Estado en lo exterior, conforme a la Constitución y a las leyes

Art. 46. El Rey sanciona y promulga las leyes (...)

Art. 70. Para el gobierno interior de los pueblos habrá Ayuntamientos, nombrados por los vecinos, a quienes la ley conceda este derecho. (...)

Art. 77. Habrá en cada provincia cuerpos de Milicia nacional, cuya organización y servicio se arreglará por una ley especial; y el Rey podrá, en caso necesario, disponer de esta fuerza dentro de la respectiva provincia; pero no podrá emplearla fuera de ella sin otorgamiento de las Cortes.

### Doc.2.-En 1845, Joaquín Francisco Pacheco, líder do Partido Moderado, defende o sufraxio restrinxido:

“Distinguimos hoxe, señores, os dereitos políticos dos dereitos civís; e se estes os concedemos a todos os cidadáns, non así os primeiros, que non podemos outorgar senón aos que os han exercer ben (...). O dereito electoral non será un dereito de todos, e as ínfimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola razón sinxela de que non poderán exercelo convenientemente (...).

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce de certa renda ou o pagamento de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir o benestar, a vida desafogada e doada, en que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de todos os momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito; ese benestar mediano (...), ese é o que debe tomarse como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social (...).

Quen gaña afanosamente o seu sustento nun traballo ímprobo e co suor do seu rostro, quen non pode gozar algunha vez o digno descanso (...), quen está reducido a un escaso xornal (...), non pode pretender a consideración nin a estima política”.

### Doc.3 – Constitución de 1845

“Dona Isabel II, pola Graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos fueros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Artículo 11. La religión de la nación española es la católica, apostólica, romana. El estado se obliga a mantener el culto y sus ministros.

Artículo 12. La potestad de hacer las leyes reside en las Cortes con el Rey.

Artículo 14. El número de senadores es ilimitado: su nombramiento pertenece al Rey.

Artículo 17. El cargo de Senador es vitalicio

Artículo 45. Además de las prerrogativas que la Constitución otorga al Rey, le corresponde (...) Expedir los decretos, reglamentos e instrucciones que sean conducentes para la ejecución de las leyes (...) Decretar la inversión de los fondos destinados a cada uno de los ramos de la Administración pública (...) Nombrar y separar libremente los ministros.

### Doc. 4.-En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”

**Doc.4.-Principios e obxectivos que proclama o 20 de setembro de 1868 a Xunta Revolucionaria de Sevilla:**

“1. A consagración do sufraxio universal e libre, como base e fundamento da lexitimidade de todos os poderes e única verdadeira expresión da vontade nacional.

2. A liberdade absoluta de imprenta (...)

11. Cortes Constituíntes por sufraxio universal directo, para que decreten unha Constitución en harmonía coas necesidades da época”

## Textos sobre a revolución gloriosa

### Doc.1.-

**As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:**

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

**O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución coñecida como *Gloriosa*:**

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...). Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.

Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...).

Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”.

### Doc.2.-Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.

### Doc.3.-Renuncia ao trono de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non debe buscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (...).”.

# Textos para a 1ª República

## **Doc.1.-Renuncia ao trono de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):**

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contradictorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non debe buscalo quen prometeu observala (...). Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (...)”.

## **Doc 2. -Discurso de Castelar. 11 de febreiro de 1873**

“Señores, con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; con a fuga de Isabel II, a monarquía parlamentaria; con a renuncia de don Amadeo de Saboya, a monarquía democrática. Nadie ha acabado con ella; ha muerto por sí misma. Nadie trae la República; la trae una conspiración de la sociedad, de la Naturaleza, de la Historia. Señores, saludémosla como el sol que se levanta”

## **Doc 3.- Texto de Pi Margall defendiendo a idea de federación**

“He sido partidario de la federación desde 1854. La defendí entonces calurosamente en La reacción y la revolución, libro destinado a la exposición de mis ideas en filosofía, en economía, en política. La defendí, como la defiendo ahora, bajo dos puntos de vista, el de la razón y el de la historia. La federación realizaba a mis ojos, por una parte, la autonomía de los diversos grupos en que se ha ido descomponiendo y recomponiendo la humanidad al calor de las revoluciones y por estímulo de los intereses; de otra, el principio de la unidad en la variedad, forma constitutiva de los seres, ley del mundo. Yo consideraba, además, que era la organización más adecuada a la índole de nuestra patria, nación formada de provincias que fueron en otro tiempo reinos independientes”.

## **Doc 4- Texto do proxecto de Constitución republicana de 1873**

Art. 1. Componen la Nación española los Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baja, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castilla la Nueva, Castilla la Vieja, Cataluña, Cuba, Extremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Puerto Rico, Valencia, Regiones Vascongadas. Los Estados podrán conservar las actuales provincias o modificarlas, según sus necesidades territoriales.

Art. 34. El ejercicio de todos los cultos es libre en España.

Art. 35. Queda separada la Iglesia del Estado.

Art. 39. La forma de gobierno de la nación española es la República Federal.

Art. 42. La soberanía reside en todos los ciudadanos, y se ejerce en representación suya por los organismos políticos de la República constituida por medio del sufragio universal.

Art. 46. El Poder legislativo será ejercido exclusivamente por las Cortes.

Art. 47. El Poder ejecutivo será ejercido por los Ministros.

Art. 48. El Poder judicial será ejercido por Jurados y Jueces, cuyo nombramiento no dependerá jamás de los otros poderes públicos.

Art. 49. El poder de relación será ejercido por el Presidente de la República.

Art. 92. Los Estados tienen completa autonomía económico-administrativa, y toda la autonomía política compatible con la existencia de la nación. Los Estados nombran sus gobiernos respectivos y sus Asambleas legislativas por sufragio universal.

## **DOC 5.- Discurso de dimisión de Salmerón como Presidente do Goberno**

“Elixido pola maioría da Asemblea á fronte do Goberno, atópome con que esta maioría, e con ela a opinión do país, impoñenme que restableza a disciplina do exército e acabe a guerra civil, apelando a procedementos que, se ben considéroos indispensables, pugnan contra a miña conciencia. Eu non me sinto con forzas para contrariar os impulsos do meu ánimo, nin podo continuar sendo Goberno, por máis que crea necesario que hoxe, para gobernar hai que prescindir de moitos dos principios do noso partido”



## **Textos sobre a Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876).**

### **Doc.1.-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da Restauración:**

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ó seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que tódolos problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Principes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conducta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando tódolos españois están xa afeitos ós procedementos parlamentarios”.

### **Doc.2.-Constitución de 1876:**

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, rei constitucional de España; a tódolos que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

## Textos sobre a vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral).

**Doc.1.-A quenda: Cánovas e Sagasta alternanse como cocifeiro e cliente, pero España sempre frega os pratos:**



**Doc 2.-Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en Política española (antoloxía de artigos), 1884:**

“Consecuencia de todo elo é o caciquismo, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que disfrutaban os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto da contribución carga a man ó adversario, alixeirando ó amigo (...). Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servicios presta ó deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias (...)”.

**Doc 3.-Valentí Almirall, republicano federal, denuncia o fraude electoral (1880):**

“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consuma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”.

**Doc. 4. O turnismo visto polo historiador Miguel Artola:**

“A quenda é unha fórmula política que ofrece vantaxes inmediatas a cambio de enormes riscos a medio prazo... No canto da inestabilidade e o perigo, a quenda ofrece, a cambio dunha pequena manipulación, a posibilidade de que ambos os partidos poidan desenvolver os seus programas satisfacendo a maior número de electores e asegurando unha evolución pacífica (...). Os efectos perversos da quenda pactada derivanse da perda de información respecto da opinión pública (...). A separación conceptual da España real e a España oficial que leva irremisiblemente aparelhada a contraposición dunha e outra, así como a condena da última, non é máis que a consecuencia previsible e inevitable da aceptación do principio da quenda”.

Fonte: J.L. Garcia Delgado y otros, La España dela Restauración, Madrid, Editorial s. XXI, 1985, p. 15.

**Doc. 2. Artigo contra o caciquismo publicado no xornal El Imparcial, o 18 de outubro de 1883:**

“É necesario (...) poñer man nisto e romper esa vinculación de poderes, pola que resulta que unha soa persoa, allea a todo cargo oficial, e libre, por tanto, de toda responsabilidade, constitúe unha maxistratura anónima, pero omnipresente e práctica, un despotismo peor cen veces que o dos reis absolutos, porque tendo por seus ao recadador de impostos, ao alcalde e ao xuíz;a facenda, a honra e

ata a vida dos homes honrados están á mercé dese gran especulador da política que se chama cacique (...)"

**Doc. 3. O fraude electoral segundo Benito Pérez Galdós (1884):**

"É moi triste como se fixeron as últimas eleccións, co menor número posible de electores, con bastantes resurreccións de mortos e non poucas violencias e atropelos. Xa é costume que só voten os que dunha maneira ou outra sacan partido das amizades e servizos políticos, e a inmensa maioría da nación, mirando tan importante acto con desdén, abstense de tomar parte nel, segura de non alcanzar por procedementos representativos o remedio dos seus males (...). Resultado desta fraude pública, é que as eleccións as fai o ministro da Gobernación, e daquela fábrica devotos saen tamén as minorías. Non podendo marchar ben o sistema sen oposición, o goberno fábricaa co mesmo celo que pon na construción da maioría".

Fonte: B. Pérez Galdós, "Política española", Antología de artículos, 1884.

## **Textos sobre a reforma agraria liberal: as desamortizacións**

### **Doc.1.-Desamortización de Mendizábal (1836):**

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anchar a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

### **Doc.2.-Desamortización de Espartero (1841):**

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

### **Doc.3.-Desamortización de Madoz (1855):**

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: Ó Estado. Ao clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). Aos propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrucción pública e calesquera outros pertencentes a mans mortas xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

### **Doc.4.-O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente enxúza así a desamortización:**

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...). Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”.

### **Doc.5.-O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte:“**

¿Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvaro da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”

## Textos sobre os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril

### Doc. 1. En 1860 o escritor catalán Manuel Angelón describía o desenvolvemento industrial de Cataluña:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños a Manchester da nosa querida patria (...). Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación, e non en pequena escala, senón en vastas proporcións. Os fiados e tecidos de algodón, os estampados, os tecidos de seda e la nas súas múltiples calidades, damascos, veludos, tisús, encaixes, máquinas, papel, todo se fabrica no antigo principado”

Fonte: M. Angelón, Isabel II. Historia de la reina de España, Barcelona, López Bernegosi Editor, 1860, p. 559.

### Doc. 2. Distribución rexional da produción siderúrxica española (medias anuais en miles de toneladas):

Período	Producción	Andalucía	Biscaia	Asturias
1861-1865	45,65	14,65	11,73	13,17
1871-1875	45,53	4,46	8,72	24,90
1881-1885	131,59	2,89	76,71	40,08
1896-1900	289,24		227,69	102,81

Fonte: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p.167.

### Doc. 3. En febreiro de 1851 o diario conservador El Heraldofaciase eco da inauguración do ferrocarril Madrid-Aranxuez:

“Poucas solemnidades viu Madrid desde a súa fundación que poidan compararse en brillo, (...) en esperanza do porvir, á que presenciou o domingo. A inauguración do ferrocarril de Aranxuez é o primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar; é o anuncio seguro de que tarde ou cedo os ricos produtos de Castela, da Mancha e dalgunhas provincias meridionais, estancados hoxe, e afogando na súa improdutivo abundancia ao seu mesmo produtor, impedindo a creación de capitais, e deixando ermos campos feraces que poderían alimentar a metade de Europa, lograsen baleirarse nos grandes mercados do mundo, e cambiarse polos produtos que necesitamos e de que carecemos”.

### Doc.4-Lei Xeral de Ferrocarrís (1855):

“Art.6. Os particulares ou compañías non poderán construír liña ningunha (...) se non obtiveron previamente a concesión da mesma (...).

Art.14. As concesións (...) outorgaranse por termo de noventa e nove anos cando máis (...).

Art.19. Os capitais estranxeiros que se empreguen na construción de ferrocarrís ou en empréstitos para este obxecto quedan baixo a salvagarda do Estado e están exentos de represalias, confiscacións ou embargos por causa de guerra”

### Doc.5.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en todos os arredores a longuíssima distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.

### Doc.4.-Neste texto publicado en 1860 salientase a importancia da industria catalá:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños o Manchester da nosa querida patria (...). Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación (...). Sabadell e Terrassa adiantaron tan considerablemente na fabricación de las, que xa os seus artefactos chamaron a atención en exposicións nacionais e estranxeiras. Non menos progresou a cidade de Reus na industria de tecer a seda (...). Girona elabora en grandes cantidades papel continuo para imprimir e escribir (...). As poboacións de Gracia, Sants, Sant Martí, Sant Andreu, Horta e Badalona, que parecen simplemente barrios anexos á capital do principado, son outras tantas poboacións fabrís, nas que a industria se atopa tan adiantada coma na mesma metrópole”.

**Doc.5.-O historiador Gabriel Tortella valora así o esforzo industrializador na España do século XIX:**

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalápor crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar”.

## **Textos sobre o movemento obreiro durante o Sexenio democrático e Restauración**

### **Doc.1.-Parte do xeneral Pastor sobre o incendio da fábrica Bonaplata (Barcelona, 1835):**

“Foi queimada a fábrica de tecidos e fundición de ferro dos señores Bonaplata e Cía. As autoridades, cando se decataron de que tentaban este ataque os amotinados, enviaron toda a forza de que se podía dispoñer, co fin de atallar o incendio; mais en balde, xa que estaban determinados a facelo, convencidos de que os teares movidos por máquinas disminuían a produción do traballo manual. Os donos da fábrica, que tiñan hai días temores deste ataque, tomaron precaucións cunha garda dos seus propios dependentes, quen prematuramente fixeron fogo ós amotinados, cousa que alporizou a estes e aumentou a súa insolencia. A tropa que tiña que contelos púxose de por medio e resultaron da liorta varios mortos e feridos”.

### **Doc.2.-En setembro de 1855, El Eco de la Clase Obrera publicaba a seguinte petición as Cortes:**

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruina. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ó taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro. É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concurrencia, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos únicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS. Hoxe concédesenos só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

### **Doc.3.-Neste artigo publicado en setembro de 1872 en La Defensa de la Sociedad, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):**

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ó cidadán humilde e ó elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ó traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ó goberno, á economía política; e en fin, a tódalas entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento! E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), polígota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

### **Doc 4.-En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que sería definitivamente convocada en agosto:**

“O proletariado organizado chegou así ó convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión general de Trabajadores e os da Confederación Nacional del Trabajo acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar as clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ó pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

## Textos sobre a cuestión nacional no s. XIX

### Memorial de agravios de Valentín Almirall (1885)

"..No tenemos, Señor, la pretensión de debilitar, ni mucho menos atacar la gloriosa unidad de la patria española ; antes por el contrario, deseamos fortificarla y consolidarla : pero entendemos que para lograrlo no es buen camino ahogar y destruir la vida regional para sustituirla por la del centro, sino que creemos que lo conveniente al par que justo, es dar expansión, desarrollo y vida espontánea y libre a las diversas provincias de España para que de todas partes de la península salga la gloria y la grandeza de la nación española.

Lo que nosotros deseamos, Señor, es que en España se implante un sistema regional adecuado a las condiciones actuales de ella y parecido a alguno de los que se siguen en los gloriosísimos Imperios de Austria-Hungría y Alemania, y en el Reino Unido de la Gran Bretaña, sistema ya seguido en España en los días de nuestra grandeza.

Lo deseamos no sólo para Cataluña, sino para todas las provincias de España; y si en nombre de Cataluña hablamos, es porque somos catalanes y porque en estos momentos sentimos como nunca los males que el centralismo nos causa.

Señor. se nos arrebató nuestro sistema administrativo, que hoy encuentran bueno e imitan naciones cultas de Europa, para ser substituido, primero por el sistema castellano, y hoy por una copia imperfecta y viciosa del sistema francés..."

### Bases de Manresa (1892)

"Base 3ª.- La lengua catalana será la única que, con carácter oficial, podrá usarse en Cataluña y en las relaciones de esta región con el poder central.

Base 4ª.- Sólo los catalanes, ya lo sean por nacimiento o en virtud de naturalización, podrán desempeñar en Cataluña cargos públicos, incluso tratándose de los gubernativos y administrativos que dependan del poder central. También deben ser ejercidos por catalanes los cargos militares que comporten jurisdicción.

Base 6ª.- Cataluña será la única soberana de su gobierno interior. Por tanto, dictará libremente sus leyes orgánicas; cuidará de su legislación civil, penal, mercantil, administrativa y procesal; del establecimiento y percepción de impuestos; de la acuñación de la moneda, y tendrá todas las demás atribuciones inherentes a la soberanía que no correspondan al poder central [...]

Base 7ª.- El poder legislativo Regional radicará en las Cortes Catalanas [...].

Base 12ª.- Cataluña contribuirá a la formación del ejército permanente de mar y tierra por medio de voluntarios o bien mediante una compensación en metálico previamente convenida como antes de 1845.

Base 13ª.- El mantenimiento del orden público y seguridad interior de Cataluña estarán confiadas al Somatén y a los mossos de l'esquadra.

Base 15ª.- La enseñanza pública... deberá organizarse de una forma adecuada a las necesidades y carácter de la civilización de Cataluña.

Enric Prat de la Riba. Manresa, 27 de marzo de 1892."



**Prat de la Riba (La Nacionalitat Catalana, 1906) defende a idea dun Estado catalán integrado nunha federación española:**

“Consecuencia de toda a doutrina aquí exposta é a reivindicación dun Estado Catalán, en unión federativa cos estados das demais nacionalidades de España. Do feito da nacionalidade catalá nace o dereito á constitución dun Estado propio, o Estado Catalán. Do feito da unidade política de España, do feito da convivencia secular de distintos pobos, nace un elemento de unidade, de comunidade, que os pobos unidos deben manter e consolidar. De aquí un Estado composto”.

**Artigo de Sabino Arana**

LIBRE E INDEPENDIENTE de poder extraño, vivía Bizcaya, GOBERNÁNDOSE Y LEGISLÁNDOSE a sí mesma, como NACIÓN aparte, como estado constituido; y vosotros, cansados de ser libres, HABÉIS ACATADO LA DOMINACIÓN EXTRAÑA, os habéis sometido al extranjero poder, tenéis a vuestra patria como nación de país extranjero y habéis renegado de vuestra nacionalidad para aceptar la extranjera. VUESTROS USOS Y COSTUMBRES eran dignos de la nobleza, virtud y virilidad de vuestro pueblo; y vosotros, degenerados y corrompidos por la influencia española, o lo habéis adulterado por completo, o lo habéis afeminado y embrutecido. Vuestra RAZA SINGULAR por sus bellas cualidades, pero más singular aún por no tener NINGÚN PUNTO DE CONTACTO o fraternidad ni con la raza española ni con la francesa, que son sus vecinas, ni con raza alguna del mundo, era la que constituía a vuestra Patria BIZKAYA; y vosotros, sin pizca de dignidad y sin respeto a vuestros padres, HABÉIS MEZCLADO VUESTRA SANGRE CON LA ESPAÑOLA O MAKETA, os habéis hermanado y confundido con la RAZA MÁS VIL Y DESPRECIABLE DE EUROPA, y estáis procurando que esta raza envilecida sustituya a la vuestra en el territorio de vuestra Patria. Poseáis una LENGUA MÁS ANTIGUA que cualquiera de las conocidas, más rica que vuestros montes, más vigorosa y altiva que vuestras costas, más bella que vuestros campos, y era la lengua de vuestros padres, la lengua de vuestra raza, la lengua de vuestra nacionalidad; y hoy vosotros, la despreciáis sin vergüenza y aceptáis en su lugar el IDIOMA DE UNAS GENTES GROSERAS Y DEGRADADAS, el idioma del mismo opresor de vuestra Patria. Era antes VUESTRO CARÁCTER NOBLE Y ALTIVO, a la vez que sencillo, franco y generoso; y hoy vais haciendos tan viles y pusilánimes, tan miserables, falsos y ruines como vuestros mismos dominadores. ¡Vizcaínos: Vizcaya perece... y vosotros la estáis matando!

Sabino Arana “Bizkaitarra” 1894

**Deus e Lei Vella segundo Sabino Arana (Regulamento de Euskeldun Batzokija, 1894):**

Art.3. Jaungoikua. Biscaia será católica-apostólica-romana en todas as manifestacións da súa vida interna e nas súas relacións cos demais pobos.

Art.4. Lagizarra. Biscaia constituirase libremente. Restablecerá en toda a súa integridade o esencial das leis tradicionais chamadas Fueros. Restaurará os bos usos e costumes dos nosos devanceiros. Constituirase, senón exclusivamente, principalmente con familias de raza euskeriana. Sinalará ao Euskera como lingua oficial”.

**Doc. 3. Manuel Murguía. O rexionalismo galego. 1889**

“Non temos unha soa cidade populosa porque se negou todo elemento de riqueza ás nosas poboacións durante tres séculos; sobre os nosos campos pesaron sempre tanto e tan duramente os impostos, que pode dicirse que pronto habemos de velos desertos. A emigración non é xa un mal pasaxeiro senón unha necesidade...Mentres tanto para deputados e ministros é un gran problema a cuestión militar, mentres se desangra e morre esquecido un país que representa a oitava parte da poboación de España. Tales son os resultados da centralización”

#### **Doc 4. Alfredo Brañas . Bases xerais do rexionalismo e a súa aplicación en Galicia. 1892**

Base 1: O fundamento do rexionalismo é a rexión natural autónoma segundo a cal os intereses peculiares e característicos das rexións xamais deben ser gobernados, dirixidos, unificados e confundidos cos sistemas xerais do Estado

Base 2. O rexionalismo español considera a patria común e a patria natural ou pequena patria. A primeira está formada pola unión íntima e circunstancial das rexións...O rexionalismo afirma, pois, a integridade e a unidade da patria común española contra o que xeralmente cren os seus detractores ignorantes ou de mala fe.

Base 13. O poder rexional estaría subordinado ao central só en canto ao mantemento da unidade da patria común, á independencia política de España e aos intereses xerais e comúns de todas as rexións, pero sería autónomo e único soberano para ditar as leis interiores e peculiares de cada territorio rexional.

Base 24. A lingua rexional galega será de uso potestativo entre os naturais da nosa rexión, tanto na esfera oficial e pública como na privada e obrigatoria nas escolas primarias en concorrencia co castelán.